

2023



**PAZO DA
CULTURA**
Concello de Narón

**TEATRO - MUSICAL - DANZA
MÚSICA - BAILE TRADICIONAL
POP - ÓPERA - COMEDIA - CIRCO**

PROGRAMACIÓN XANEIRO/MAIO

PROGRAMACIÓN XANEIRO/MAIO 2023

XANEIRO

Sábado 14 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro Contemporáneo UNAHORAMENOS PRODUCCIONES PATRIOTAS
Domingo 15 18:00 horas Pazo da Cultura	Teatro Musical Familiar CTME COLOMBIA, MI ENCANTO
Venres 20 20:30 horas Sábado 21 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro Musical ESTREA MALASOMBRA PRODUCCIONES VOX POPULI (NEC MEA VOX)
Sábado 28 20:00 horas Pazo da Cultura	Danza Contemporánea ARACALADANZA LOOP

FEBREIRO

Venres 3 20:30 horas Pazo da Cultura	Música SÉS Presentación do disco DIANTE UN ECO
Sábado 4 20:00 horas Pazo da Cultura	Música e Baile Tradicional XACARANDAINA ENDATERRA
Domingo 5 19:30 horas Pazo da Cultura	Música Pop TERTULIA PRODUCCIÓN EL MUSICAL DE LOS 80s y 90s
Sábado 11 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro Clásico PENTACIÓN EDIPO, A TRAVÉS DE LAS LLAMAS
Venres 24 20:30 horas Sábado 25 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro Contemporáneo PENTACIÓN ADICTOS

Esta programación poderá sufrir cambios

Todas as representacións terán lugar no Pazo da Cultura agás onde se especifique o contrario

Despacho de billetes:

De luns a venres

9:30 a 14:00 horas

17:00 a 20:30 horas

Sábados

9:30 a 14:00 horas

17:00 a 20:00 horas

Teléf. 981 102 897

(Despacho de billetes)

taquilla.pazo@naron.es

ABRIL

Sábado 1 20:00 horas Pazo da Cultura	Ópera Bufa CONCERLÍRICA EL BARBERO DE SEVILLA
Sábado 15 20:00 horas Pazo da Cultura	Danza FRAN SIEIRA COMPAÑÍA DE DANZA DeMente
Sábado 22 20:00 horas Pazo da Cultura	Comedia A PANADERÍA AS QUE LIMPAN
Domingo 23 17:00 horas Pazo da Cultura	Musical GAUDIUM ARTES ESCÉNICAS DISNEY ROCK EL MUSICAL

MAIO

Sábado 6 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro - Circo TRUCA CIRCUS SOPLA!
Venres 12 20:30 horas Pazo da Cultura	Comedia AINÉ PRODUCIÓNS SOMOS CRIMINAIS 3
Sábado 27 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro Contemporáneo SARABELA TEATRO CONTOS ARRAIANOS

Sábado 14 de xaneiro

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO

PATRIOTAS



Adultos | 1 hora e 15 minutos | castelán

UNAHORAMENOS PRODUCCIONES

Patriotas

A presidenta dun Partido ultra-nacional, occidental, homófobo e ascendente, Nicole Wallace, ten que defenestrar politicamente á súa amiga Janet Müller, ideóloga e vicepresidenta, para branquear a súa formación e aspirar ao poder.

A filla de Janet, bisexual e ferozmente crítica coa súa nai, comeza unha relación peculiar con Iván, o fillo de Nicole.

Ámbalas dúas historias, entrelazadas ao longo dun ano de eleccións locais, rexionais, europeas e xerais, levarán ao Partido Nacional ata o máis alto.

Xusto ao bordo dun inmenso precipicio.

Autor: Julio Salvatierra

Dirección: Mario Vega

Adaptación: Julio Salvatierra

Escenografía: Mario Vega

Deseño son: Blas Acosta

Deseño iluminación: Ibán Negrín

Vestiario: unahoramenos producciones

Música: Julio Tejera

Elenco artístico:

Marta Viera e Saray Castro

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 15 de xaneiro

18:00 | Pazo da Cultura

TEATRO MUSICAL FAMILIAR



Todos os públicos | 1 hora e 20 minutos | castelán

CTME

Colombia, "Mi Encanto"

Chega a NARÓN o musical COLOMBIA "MI ENCANTO", o primeiro Tributo ORIXINAL a COLOMBIA e á película ENCANTO.

Dos creadores do MUSICAL DE COCO "RECUÉRDAME", que xa trunfou en NARÓN con dous cheos absolutos.

Un magnífico elenco de 10 artistas, con todas as voces en rigoroso directo en un apaixonante espectáculo y efectos especiais, que emocionará sen dúbida a todo o público.

Cos principais personaxes do filme e unha nova secuela, na que Mirabel e parte da súa familia se terán que enfrentar ao poder do mal, que quere destruír os dons máxicos dos Madrigal.

ilmos todos a apoiar a esta célebre familia! que, unida polo poder do amor y o traballo en equipo, afrontará esta conmovedora e emocionante aventura con gran fe. E farano ao son das mellores e máis coñecidas melodías da película, cancións orixinais, así como do folclore colombiano, a través de un show exclusivo, moi divertido e emotivo, con excepcionais coreografías e todas as voces en directo.

Un show no que tanto pequenos como maiores poderán participar activamente cantando e bailando.

PREZOS: Patio de butacas: 16,00 €

Anfiteatro 1: 14,00 €

Anfiteatro 2: 14,00 €

Venres 20 e sábado 21 de xaneiro

Venres 20:30 / Sábado 20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO MUSICAL



Adultos | 1 hora e 35 minutos | galego

MALASOMBRA PRODUCIÓNS

ESTREA

Vox populi (nec mea vox)

VOX POPULI é un espectáculo de gran formato. Unha ópera rock con música e letras orixinais, interpretada en directo por doce actrices, actores e músicos.

VOX POPULI fala do auxe da ultra dereita en todo o mundo na época actual e que toca unha grande cantidade de temas relacionados con este fenómeno, tales como a inmigración, as liberdades e os dereitos sociais.

Elenco:

Carlos Mosquera "Mos" - Paula Pier - Bea García
Paku Granxa - Brais Iriarte - Susana Sampedro
César Goldi - Celia González - Xoque Carbajal
Chechu Mosquera - Pablo Leira - Lorena Cachito

Idea orixinal: Xoque Carbajal

Texto e dirección: Jose Prieto

Creación e dirección musical: Carlos Mosquera "Mos"

Escenografía e Vestiario: Diego Valeiras

Coreografías: Bea García

Iluminación: Xoque Carbajal

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 28 de xaneiro

20:00 | Pazo da Cultura

DANZA CONTEMPORÁNEA



Todos os públicos (a partir de 4 anos) | 55 minutos

ARACALADANZA

Loop

"Loop" é a carta de amor á maquinaria escénica que creou Aracaladanza e na que bailaríns, maquinistas e eléctricos xunto a panos, focos, caixas de almacenamento (flight cases), bambalinas, chan de linóleo, escaleiras, moquetas, colchóns... converten a danza nunha función máxica na que o escenario, os seus elementos e quen sobre él traballan convértense en protagonistas. Entre aplausos e aplausos, os que se escoitan nada máis comezar a función e os que suceden nada máis acabar, os espectadores serán testemuñas e cómplices desta aventura imaxinada na que tamén eles son parte do espectáculo. O final (principio?) da función acaba cos saúdos de quen bailou. Vemos ao público aplaudindo. O pano péchase e é entón cando podemos descubrir como se desmonta o escenario.

Caen as patas, desátase o pano, enrólanse os chans, gárdanse todo nas caixas. E é entón, cando o escenario xa esta baleiro, o momento de deixarse hipnotizar por un pano que voa; de descubrir que tralas bambalinas hai máis do que cremos; de rir cando se segue o trazado do chan; de incharnos a sorrisos ao comprobar que os ventiladores funcionan; de celebrar unha festa aínda que pareza que non haxa sitio...

Idea e Dirección: Enrique Cabrera

Reperto: Carolina Arijá, Jorge Brea, Raquel de la Plaza, Jonatan de Luis e Jimena Trueba

Bailarín Cover: Aleix Rodríguez

Composición Musical: Luis Miguel Cobo

Deseño de Espazo Escénico e Vestiario:

Elisa Sanz (AAPEE)

Deseño de Iluminación: Pedro Yagüe (AAI)

Deseño de Videoescea: Álvaro Luna (AAI)

Deseño e Realización de Atrezzo:

Ricardo Vergne (AAPEE)

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Menores de 14 anos: 7,00€

Venres 3 de febreiro

20:30 | Pazo da Cultura

MÚSICA



Todos os públicos | 1 hora e 30 minutos | galego

SÉS

Presentación do disco “Diante un eco”

SÉS presenta o seu último traballo: Diante un eco.

Diante un eco é o oitavo traballo discográfico da cantautora galega. Un título que fai referencia á concepción cíclica da historia, tristemente avalada pola deriva sociopolítica dos nosos días. Diante un eco é tamén para SÉS unha volta aos inicios, pero desde o oficio e a madurez, e sobre todo desde unha visión alternativa da sofisticación, horizontal e intercultural. Unha sólida reafirmación na estética popular da que a cantora se considera amante e deudora, sen complexos e sen renunciar á calidade poética que a caracteriza. SÉS, acompañada de toda a súa banda, voltará pisar as táboas dos principais escenarios de Galiza, do estado español e de Latinoamérica para presentar ao vivo este novo disco.

SÉS é un auténtico fenómeno underground que basea o seu éxito na súa forza persoal e nun discurso valente, novidoso, contundente e directo que a convirte no altafalante certoiro que defende aquilo no que sería ideal crer. Está considerada un dos principais referentes da escena musical galega, na que destaca polo seu carisma, a calidade das súas letras e o seu poderoso directo. A súa música viaxa entre ritmos americanos do norte e do sur, repensados en galego e en feminino. SÉS é licenciada en Filoloxía Galega e Antropoloxía Social, e medrou musicalmente no folclore tradicional galego. No seu estilo mestura, con dosis exactas, ingredientes que conseguen un resultado orixinal e xenuino: rock'n roll, tradición galega e certa cadencia da canción de autor latinoamericana, desde unha actitude punk e con letras elaboradas, honestas e viscerais, que cuestionan o establecido e chaman pola unión e a dignidade.

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Sábado 4 de febreiro

20:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA E BAILE TRADICIONAL



Todos os públicos | 1 hora e 30 minutos | galego

XACARANDAINA

Endaterra

"Endaterra" é un novidoso espectáculo de música e baile tradicional de Galicia no que se fusionan distintas artes escénicas como son o baile e a música tradicional galega (melódica e vocal) e o teatro. Conta cunha banda sonora única, composta en exclusiva para este espectáculo, e cunha singular produción audiovisual creando unha paisaxe sonora e visual mediante imaxes e sonidos naturais do camiño. Todo isto fai de "Endaterra" un espectáculo único e exclusivo, non podendo comparalo con outro espectáculo etnográfico realizado ata o momento.

"Endaterra" é percorrido que une a cultura tradicional das dúas rutas menos exploradas de Galicia: O Camiño Inglés e o Camiño a Fisterra-Muxía, facendo un traballo de investigación, polo miúdo, dos bailes de divertimento, danzas, cancións, melodías, traxes e tradicións dos 18 concellos polos que transcorren os dous camiños que acaban unidos nun só. O material etnográfico que se utiliza é o xa existente no arquivo do Grupo de Música e Baile Tradicional Xacarandaina, froito do seu traballo de recollida de campo durante os máis de 40 anos de traxectoria, e que abrangue os concellos de: A Coruña, Culleredo, Cambre, Carral, Abegondo, Ordes, Mesía, Oroso, Dumbria, Santiago, Ames, Negreira, Mazaricos, Cee, Corcubión, Fisterra e Muxía.

Director Coreógrafo: Henrique Peón Mosteiro

Deseño de Luz: Santiago Mañasco

Imaxes: Antón Cabaleiro

Banda Sonora: Ismael Marcos e Francisco Barcia

Asistente Dramaturxia Teatral: Susana Crespo

Teatro: Izquierdo Sisters (Lucía Veiga e Marita Martínez)

Corpo de Baile: Xacarandaina

Grupo Instrumental: Xacarandaina

Grupo Vocal: Pandereteiras Xacarandaina e "Os do Fondo da Barra" - **Coro:** Xacarandaina

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 5 de febreiro

19:30 | Pazo da Cultura

MÚSICA POP



**EL
MUSICAL
DE LOS
80s 90s**

Todos os públicos | 1 hora e 45 minutos

TERTULIA PRODUCCIÓN

El Musical de los 80s y 90s

A compañía Pares o Nones presenta "Mil Campanas", o primeiro musical dos oitenta, no que o público compartirá a experiencia dos personaxes: cantando, bailando e sendo cómplices de cada un deles.

A inauguración dun bar é a escusa perfecta para organizar o reencontro dos amigos do instituto que remataron os seus estudos hai 25 anos, comezando xuntos no 1990.

A Movida do Bacalao é a sé onde se xuntan para lembrar unha época que marcou a vida dos seus protagonistas, ao ritmo da mellor música daquela xuventude, onde non existían Redes Sociais.

Co recordo de outrora, a realidade demostra que a vida deses antigos amigos cambiou moito respecto ao que agardaban (uns máis que outros). Pero eles, no fondo, seguen sendo os mesmos.

No espectáculo cántase con voz en directo os máis variados estilos dos anos 80 e 90, onde se mestura o mellor do pop en español con éxitos internacionais e coas mellores cancións do verán que marcaron a nosa xuventude.

PREZOS: **Venta anticipada:**

Patio de butacas: 16,00 €

Anfiteatro 1: 14,00 €

Anfiteatro 2: 12,00 €

Día do evento:

Patio de butacas: 19,00 €

Anfiteatro 1: 17,00 €

Anfiteatro 2: 15,00 €

Sábado 11 de febreiro

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CLÁSICO



Adulto | 1 hora e 30 minutos | castelán

PENTACIÓN

Edipo, a través de las llamas

Edipo dorme, ao bordo dun camiño, ata que esperta ao escoitar a voz dunha estraña presenza; un home que, oculto baixo un casco de metal, comeza a falarlle acerca dun monstro, unha cidade e unha recompensa.

Edipo, desconfiado, rexeita a invitación do misterioso cabaleiro, que non dubida en seguir insistindo ata conseguir que Edipo se desvíe do seu camiño, se enfrente ao monstro e, convertido en rei, termine entrando na cidade de Tebas.

Reparto

Alejo Sauras - Mina El Hammani - Julia Rubio
Omar Zaragoza - Jiaying Li - Alejandro Linares
Diego Rodríguez - Eduardo Mayo

Axudante de Dirección: Álvaro Lizarrondo

Deseño de Iluminación: Juan Gómez-Cornejo

Deseño de Vestiario: Almudena Rodríguez Huertas

Composición Música Orixinal: Mariano Marín

Deseño de Videoescea: Bruno Praena

Deseño de Escenografía: Monica Boromello

Coreografía: Sharon Fridman

Autor: Paco Bezerra

Dirección: Luis Luque

PREZOS: Público xeral: 20,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 14,00 €

Venres 24 e sábado 25 de febreiro

Venres 20:30 / sábado 20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adultos | 1 hora e 30 minutos | castelán

PENTACIÓN

Adictos

Adictos somos todos...

Adictos xorde da necesidade de abordar unha problemática que nos afecta a todos: ata que punto estamos sometidos pola tecnoloxía? somos realmente libres? que tipo de sociedade construímos? que panorama nos expón o futuro máis próximo? realmente merecémonos o cualificativo de "seres humanos"?

Estas cuestións, que raramente hoxe se ven expostas encima dun escenario, deben confrontarse co público contemporáneo. A realidade de ADICTOS é a da expansión progresiva da desinformación.

Unha ficción cuxos personaxes manifestan inquietudes que nos incumben a todos, cuestionando paradigmas que, ata o de agora, asumimos como válidos e certos pero que poida que escondan mentiras que estean distorsionando as nosas vidas.

Os autores reivindicán a través deste texto a capacidade de reacción do ser humano. O punto de rebeldía que sempre é necesario para que as cousas evolucionen cara a unha meta mellor, cara ao horizonte no que todos podamos gozar dunha vida tecnoloxicamente sa e socialmente libre.

Reparto: Lola Herrera - Lola Baldrich - Ana Labordeta

Autor: Daniel Dicenta Herrera y Juanma Gómez

Dirección: Magüi Mira

Axudante de Dirección: Jorge Muñoz

Escenografía: Curt Allen Wilmer y Leticia Gañán - Estudiodedos (AAPEE)

Iluminación: José Manuel Guerra

Vestuario: Pablo Menor - **Productor:** Jesús Cimarro

PREZOS: Público xeral: 18,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 12,60 €

Sábado 1 de abril

20:00 | Pazo da Cultura

ÓPERA BUFA



Todos os públicos | 2 hrs. e 20 min. (con 2 descansos de 10 min.)
italiano (pantalla con subtítulos en castelán)

CONCERLÍRICA

El Barbero de Sevilla

Música de Gioachino Rossini e libreto en italiano de Cesare Sterbini.

Esta ópera bufa, baseada na comedia homónima de Pierre-Agustin de Beaumarchais, estreouse por primeira vez o 20 de febreiro de 1816 no Teatro Argentina de Roma.

Debido ao seu carácter vital, alegre, humorístico e expresivo, danse multitude de enredos e divertidos acontecementos propios do xénero.

Dividida en dous actos e ambientada na Sevilla do século XVII, trátase dunha historia de amor en clave de humor e comedia.

A pesar do estrepitoso fracaso na súa estrea, hoxe en día, gracias a pezas como Largo al factotum, é un referente dentro das comedias musicais e a máis importante das óperas bufas.

PREZOS: Público xeral: 35,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 24,50 €

Sábado 15 de abril

20:00 | Pazo da Cultura

DANZA



Adultos | 1 hora

FRAN SIEIRA COMPAÑÍA DE DANZA

DeMente

En "DeMente" plasmaremos unha realidade, un estigma, unhas patoloxías que segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS) sufriron, sofren ou sufrirán nalgún momento da súa vida unha de cada catro persoas. A reclusión practicamente carceraria das persoas "dementes" en tempos pasados, os amoreamentos de persoas enfermas, as contencións mecánicas totais e parciais, así como as contencións químicas (antipsicóticos e outros medicamentos), os suicidios ("O tolo cando entraba no manicomio só lle quedaba esperar a morte."), a explotación da enferma, "os almacéns de carne humana"...

Deste xeito, amosaremos en escena a evolución dos tratamentos en persoas que padecen trastornos mentais, dende os amoreamentos practicamente carcerarios ata a externalización dos nosos días. Por que as doenzas mentais nos dan certo medo? Por que coloquialmente utilizamos expresións como "estás para encerrar", "estás para atar", "estás tolo"? Pensamos que unha solución para o "tolo" ou a "tola" ten que ser o encerro ou sufrir algún tipo de contención mecánica ou química?

É necesaria a integración na sociedade e a normalización como outro tipo de doenza, loitar contra o estigma. Estas e moitas outras cuestións serán tratadas en escena. Como se dicía nunha carta dunha persoa "demente" ao director do Manicomio de Conxo nos anos 40: "no son los pobres locos reconocidos los que hacen daño al planeta, sino los grandes locos por reconocer".

Exemplificaremos algunhas destas doenzas e tamén o trauma que supoñen: "Nunca tratei cun paciente con esquizofrenia cunha vida que, tal e como a experimentou o paciente, non me volvera tolo a min ou a calquera." (Bertram P. Karon).

Autor: Francisco Sieira González

Dirección: Carla Diego Luque

Adaptación: Carla Diego Luque - Francisco Sieira González

Escenografía: Carlos Alonso Alonso

Deseño Son: Isaac Millán Lledo

Deseño Iluminación: Fidel Vázquez Díaz

Vestuario: Carlos Alonso Alonso

Música: Cristian Silva Bóveda

Coreografía: Francisco Sieira González

Elenco Artístico: Francisco Sieira González, Martín Mondragón

Rivadulla, Adela Otero Vázquez, Artur Pastoriza Puga, André Ádrio

Rodríguez, Patricia Sánchez Seoane

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 22 de abril

20:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adultos | 1 hora e 30 minutos | galego

A PANADARÍA

As que limpan

Un cartel pendurado no manubrio da porta. "Por favor, arranxe o cuarto". Ao regreso da praia, as camas feitas, as toallas limpas e o baño impoluto. Son as que limpan, as invisibles que carretan ao lombo un sistema turístico precarizador.

As que limpan é unha sátira utópica inspirada na loita organizada das camareiras de piso dos hotéis por conseguiren uns dereitos laborais e sociais xustos. Fronte a elas, a avaricia voraz dos propietarios das cadeas hoteleiras. Hai quen nunca limpou un váter e hai quen limpa cincocentos ao mes.

Autoría: Areta Bolado, Noelia Castro, Ailén Kendelman

Dirección: Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman

Escenografía: Beatriz de Vega

Deseño son: Ailén Kendelman

Deseño Iluminación: Del Ruiz

Vestuario: Esther Quintas

Música: Ailén Kendelman

Elenco Artístico:

Areta Bolado - Noelia Castro - Ailén Kendelman

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 23 de abril

17:00 | Pazo da Cultura

MUSICAL

The poster features a dark, forest-like background with golden silhouettes of various Disney characters and instruments. At the top, it says 'LA GRAN BELLEZA' and 'PRESENTA'. The main title 'DISNEY ROCK EL MUSICAL' is in large, stylized letters. Below it, the tagline 'LOS CUENTOS DE TUS HIJOS LA MÚSICA DE TU VIDA' is written. A 'WELCOME' sign is visible in the bottom right corner of the poster.

LA GRAN BELLEZA
PRESENTA
DISNEY ROCK
EL MUSICAL

LOS CUENTOS DE TUS HIJOS
LA MÚSICA DE TU VIDA

Familiar e Infantil (a partir de 3 anos) | 1 hora e 20 minutos

GAUDIUM ARTES ESCÉNICAS

Disney Rock El Musical

Imaxinádesvos un Musical cos personaxes dos contos favoritos dos vosos fillos, unha historia orixinal e divertida, e coas cancións máis emblemáticas que vos acompañaron na vosa vida?

Acompáñanos nesta hilarante aventura onde toda a familia compartirá un AUTÉNTICO UNIVERSO DE RISAS, MÚSICA E EMOCIÓN.

Todos os membros do elenco con VOCES E MÚSICA en RIGOROSO DIRECTO, facendo unha versión das cancións míticas do POP e ROCK dos 80´s ata hoxe, que dan vida a este ORIXINAL MUSICAL.

SINOPSE: No Reino Encantado respíranse días felices de paz e harmonía. Con todo, un acontecemento inesperado provoca que a malvada feiticeira Maléfica se libere do seu letargo en busca de vinganza.

Todos os habitantes do reino, encabezados pola princesa Tiana, o Gato con Botas, Kristoff, Brancaneves e a intrépida Alicia, deberán enfrontarse aos escuros propósitos da feiticeira, aínda que unha inesperada e cruel inimiga non llo poñerá nada fácil a ningún.

Música, baile, diversión e moitas sorpresas únense nun espectáculo inesquecible para toda a familia, a ritmo dos mellores clásicos do POP e ROCK dos 80´s ata hoxe.

PREZOS: Patio de butacas: 16,00 €

Anfiteatro 1: 14,00 €

Anfiteatro 2: 14,00 €

Sábado 6 de maio

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO-CIRCO



Todos os públicos | 55 minutos

TRUCA CIRCUS

Sopla!

SOPLA! cabalga sobre un ritmo trepidante no que unha gran variedade de técnicas de circo mestúranse coa música en directo e o humor sen palabras máis fresco. Sopla! é un espectáculo coral que sitúa aos personaxes a maior parte do tempo en escena, dando pé a novas combinacións entre técnicas e artistas.

Para poñer en marcha a nosa festa inspirámonos inicialmente nos anos 20 do século XX, cando a pandemia da gripe española foi superada, pero cunha actualización contemporánea e unha chiscadela ao cómic. Sopla! é un espectáculo que conta cun impresionante despregamento de recursos escénicos e técnicas circenses: Música en directo, coreografías, bicicleta acrobática, multicordas aéreas, pelotas de rebote, diábolo, antipodismo, contorsión, portes, acrobáticos, equilibrios, manipulacións...

Dirección: Greta García y Daniel Foncubierta

Producción executiva: Gonzalo Andino

Intérpretes: Daniel Foncubierta (Infoncundibles / La Banda de Otro)

José Alberto Foncubierta: (Infoncundibles / La Banda de Otro)

Rafael Díaz: (La Banda de Otro) - **Darío Dumont:** (LaNórdika)

Rebeca Pérez: (Rebe al Rebés) - **Antonia González:** (Cía La Querida)

Marina Benites: (Cía La Artrópodo / Chimichurri)

Posta en escena: Anna Jonsson

Música orixinal: Jasio Velasco y Daniel Foncubierta

Deseño de iluminación / Dirección técnica: Manuel Colchero e Ignacio Almarcha

Técnico en xira: Manuel Colchero - **Vestuario:** Gloria Trenado (Nantú)

Producción: Paula Gutiérrez y Marta González (Noletia / Truca Circus)

Construcións: Anna Jonsson, Javier Dastis, ijuggler.es, Ellaved Alcano, Antonia González, Rebeca Pér, Logotec e Javier Andino

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Menores de 14 anos: 7,00€

Venres 12 de maio

20:30 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adultos | 1 hora e 35 minutos | galego

AINÉ PRODUCIÓNS

Somos Criminais 3

Somos criminais no sentido menos criminal da palabra? Temos unha maneira propia de ser e de estar? Somos diferentes, somos parecidos ou somos iguais aos demais? Son certos os tópicos que hai sobre nós? É verdade que respondemos ás preguntas con preguntas? Non se sabe se subimos ou se baixamos?

Din que as segundas partes nunca foron boas, por iso pasamos directamente á terceira.

En *Somos Criminais 3*, Carlos Blanco e Xosé Touriñán, analizan Galicia e os seus habitantes para saber como somos e para saber por que somos como somos.

PREZOS: Patio de butacas: 18,00 €

Anfiteatro 1: 15,00 €

Anfiteatro 2: 12,00 €

Sábado 27 de maio

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adultos | 1 hora e 10 minutos | galego

SARABELA TEATRO

Contos arraianos

Unha das obras fundamentais da literatura galega, unha suma de relatos que estremecen e fan reflexionar. Ou, se acaso, fan deambular por mundos nos que transitan o erotismo, o misterio, a miseria e a grandeza de alma e de vida. Un microcosmos rural de marxe e de fronteira, construído cunha lingua, así mesmo, límite e nos lindes da realidade e da fantasía.

É difícil non sentirse arrastrado pola tremenda capacidade fabuladora de Ferrín. A Raia Seca ourensá é unha metáfora de mundos reais adobados pola ficción e a particular riqueza léxica deste narrador e poeta que é de Ourense e que é de Vigo, que é arraiano arraiano.

Autor: Xosé Luis Méndez Ferrín

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda

Adaptación: Ánxeles Cuña Bóveda / Fernando Dacosta

Escenografía: Baltasar Patiño

Deseño son: Renata Codda Fons

Deseño iluminación: Baltasar Patiño

Vestiario: Ruth D. Pereira

Música: Vadzim Yuknevič

Coreografía: Bety Pérez / Armando Martén

Elenco artístico:

Fernando Dacosta - Elena Seijo - Fran Lareu

Sabela Gago - Fernando González

Vadzim Yulnevič - Fina Calleja

PREZOS: Público xeral: 9,50 €



Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €



PAZO DA CULTURA
Concello de Narón

Rúa Holanda, s/n
Urb. Ciudad Europa
15570 NARÓN

Teléf. 981 391 144
Teléf. 981 102 897 (Despacho de billetes)
E p.cultura@naron.es
www.padroadodecultura.es

 facebook/padroadodeculturaconcellodenaron
 @culturaron

-Unha vez comezado o espectáculo (tanto ao inicio coma na segunda parte se existise un descanso), non se permite o acceso á sala, e nos casos excepcionais o acceso estaría xestionado polo persoal de sala a cargo.

-Non se pode fumar dentro do edificio, tampouco consumir bebida ou comida dentro da sala, salvo en casos excepcionais nos que así o determine a dirección do Pazo.

-Non está permitida a captación de imaxes ou son sen unha autorización previa por parte do Padroado da Cultura.

-Antes do comezo do espectáculo é imprescindible desconectar as axendas, alarmas, teléfonos móbiles ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico.

-TODA PERSOA QUE ACCEDA AO RECINTO DEBE FACELO COA SÚA ENTRADA, INDEPENDENTEMENTE DA IDADE QUE TEÑA.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Xacobeo 2021



NARÓN



Padroado da Cultura
Concello de Narón



Deputación
DA CORUÑA

